



## **ORGANIZACIÓN DÍA 10 DE SETEMBRO**

Este día comezan os seguintes cursos:

**5º de Educación Infantil**

**1º, 2º e 3º de Educación Primaria**

O alumnado chegará a partir das 9:00 polo **portal verde (Autobús)** e polo gris (a pé).  
*En ámbalas portas estará profesorado para axudar ao alumnado.*

### **Educación Infantil (Haberá mestres para axudar a este alumnado)**

#### **4º EI→PERÍODO DE ADAPTACIÓN→9:30**

**5ºEI→** A titora estará nunha zona á entrada do recinto cun cartel e unha lista do curso. O alumnado axudado polo mestre ou un familiar acompañará aos nenos ata a súa mestra. Cando estea o grupo completo ou sexan as 9:15 baixarán á clase correspondente onde desinfectarán as mans e pés.

### **Educación primaria (1º,2º,3º)**

O alumnado deberá ir polo camiño da porta traseira ata chegar ao patio onde estarán os titores/titoras en zonas separadas coa lista e o cartel do curso. Cada neno ou nena irá cara a súa titora/titor.

*No camiño da porta traseira haberá desinfectante de mans e profesorado de axuda.*

Unha vez toque o timbre comezará entrando á clase (pola porta traseira) 1º, despois 2º, 3ºA e finalmente 3ºB.



## ORGANIZACIÓN DÍA 11 DE SETEMBRO

O ALUMNADO QUE COMEZOU AS CLASES O DÍA 10, AO ENTRAR AO RECINTO IRÁ DIRECTAMENTE Á SÚA AULA POLA PORTA TRASEIRA ONDE HABERÁ MATERIAL DE DESINFECCIÓN.

Este día comezan os seguintes cursos:

**6º de Educación Infantil**

**4º, 5º e 6º de Educación Primaria**

O alumnado chegará a partir das 9:00 polo **portal verde (Autobús)** e polo **gris (a pé)**.  
*En ámbalas portas estará profesorado para axudar ao alumnado.*

### Educación Infantil (Haberá mestres para axudar a este alumnado)

**4º EI→PERÍODO DE ADAPTACIÓN→9:30**

**5ºEI→** A titora estará nunha zona á entrada do recinto(separada do outro grupo)cun cartel e unha lista do curso. O alumnado axudado polo mestre ou un familiar acompañará aos nenos ata a súa mestra.

**6ºEI→** A titora estará nunha zona á entrada do recinto (separada do outro grupo) cun cartel e unha lista do curso. O alumnado axudado polo mestre ou un familiar acompañará aos nenos ata a súa mestra.

Ás **9:15** baixará primeiro 5ºEI e posteriormente 6º EI.

### Educación primaria (1º,2º,3º)

**1º/2º/3º→**Entrará pola **porta traseira** ata a súa clase. (Desinfección na porta)

**4º/5º/6º→** O alumnado axudado polo profesorado, irá camiño das canchas pola parte dereita do centro, onde estarán os titores/titoras en zonas separadas coa lista e co cartel do curso. Cada neno ou nena irá cara a súa titora/titor.

*No camiño haberá desinfectante de mans e profesorado de axuda.*

Unha vez toque o timbre comezará entrando á clase (pola **porta dianteira**) 4º, despois 5º, 6ºA e finalmente 6ºB.